

5.º Tratamento ou destino do aparello e, de ser o caso, da substancia radioactiva que conteña, ao final da súa vida útil.

6.º Calquera outra información establecida na aprobación do tipo.

b) Especificacións e condicións establecidas na aprobación do tipo.

c) Manual de operación en español.

d) Calquera outra documentación establecida na aprobación do tipo.

13. Os aparellos produtores de radiacións ionizantes que se subministren deberán ir sinalizados tal e como se estableza na correspondente aprobación do tipo.

14. O usuario do aparello está obrigado a respectar as condicións impostas pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas na resolución pola cal se aprrobe o tipo.»

**Disposición derogatoria única.** *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.<sup>a</sup> e 25.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúen ao Estado a competencia sobre bases e coordinación xeral da sanidade e bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de xaneiro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,  
JOAN CLOS I MATHEU

## XEFATURA DO ESTADO

**2983** *CORRECCIÓN de erros da Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción.* («BOE» 43, do 19-2-2008.)

Advertido erro na publicación da Lei 44/2007, do 13 de decembro, para a regulación do réxime das empresas de inserción, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 33, do 26 de decembro de 2007, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 4128, segunda columna, na disposición adicional terceira. Avaliación e seguimento do cumprimento da norma, no seu parágrafo terceiro, onde di: «Así mesmo, corresponderalle ao Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego, regulado polo Real decreto 1458/1986, do 6 de xuño, a coordinación e avaliación do cumprimento desta norma no ámbito das súas competencias e funcións», debe dicir: «Así mesmo, corresponderalle ao Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego, establecido na Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, a coordinación e avaliación do cumprimento desta norma no ámbito das súas competencias e funcións».

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**2986** *Orde PRE/374/2008, do 31 de xaneiro, pola que se modifica o anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se impoñen limitacións á comercialización e ao uso de certas substancias e preparados perigosos (sulfonatos de perfluorooctano-PFOS).* («BOE» 43, do 19-2-2008.)

O Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, estableceu unha serie de limitacións á comercialización e ao uso de determinadas substancias e preparados perigosos. Aprobouse de acordo coa normativa da Unión Europea que regula esta materia, fundamentalmente a Directiva 76/769/CEE do Consello, do 27 de xullo de 1976, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros que limitan a comercialización e o uso de determinadas substancias e preparados perigosos, e polo conxunto das súas posteriores modificacións e adaptacións ao progreso técnico.

O citado real decreto experimentou numerosas modificacións no seu anexo I, como consecuencia da evolución da normativa comunitaria na materia e da necesidade de aumentar os niveis de protección da saúde humana e do ambiente.

Recentemente publicouse a Directiva 2006/122/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, pola que se modifica por trixésima vez a Directiva 76/769/CEE do Consello, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros que limitan a comercialización e o uso de determinadas substancias e preparados perigosos (sulfonatos de perfluorooctano).

Os sulfonatos de perfluorooctano (PFOS) son substancias que se comercializan en forma de sales, derivados e polímeros, utilizados para proporcionar resistencia á graxa, ao aceite e á auga en diversos materiais.

Os estudos de avaliación de risco efectuados no ámbito comunitario demostraron a súa perigosidade, por seren estes compostos moi persistentes, bioacumulables e tóxicos para os mamíferos e, en consecuencia, co fin de garantir un elevado nivel de protección de saúde e do ambiente, acordouse a súa limitación no ámbito comunitario, con algunhas excepcións debido ao reducido deses usos e á carencia de produtos alternativos; este é o caso dos procesos de cromado, de fotografía, de fotolitografía, escumas antiincendio e de fluídos hidráulicos para a aviación.

Mediante esta disposición incorpórase ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2006/122/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006.

Na súa tramitación foron oídos os sectores afectados.

Esta orde dítase ao abeiro do establecido nos artigos 149.1.16.<sup>a</sup> e 23.<sup>a</sup> da Constitución, e no artigo 40.5 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, así como na disposición derradeira segunda do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Sanidade e Consumo, de Industria, Turismo e Comercio e de Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

**Artigo único.** *Modificación do anexo I do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se impoñen limitacións á comercialización e ao uso de certas substancias e preparados perigosos.*

Engádeselle ao anexo I-parte 1 do Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se impoñen limi-